

IX CONGRESO INTERNACIONAL “O CAMIÑO DO MEDIEVALISTA: *Ex labore fructus*”

Santiago de Compostela

25, 26 e 27 de marzo de 2026



Na Idade Media o mundo vexetal estivo constantemente asociado á aprendizaxe. O Xénese mostra a árbore do coñecemento do ben e do mal como algo ameazador, cuxo froito provocou o declive do ser humano coa expulsión de Adán e Eva do Edén. Pero as árbores non sempre mantiveron unha connotación negativa na mentalidade medieval, onde tamén adquiren os valores simbólicos da sabedoría e a aprendizaxe. Así pois, a natureza permanece estreitamente ligada á educación, en especial a dedicada ás crianzas, participe da convivencia entre motivos vexetais e a instrución das primeiras nocións gramaticais por medio de imaxes e xogos mnemotécnicos en manuscritos.

En consonancia co anterior, a escena recuperada das *Heures de Marguerite d'Orléans* (s.XV) como imaxe desta nova edición reforza a mensaxe do título, *Ex labore fructus* (Do traballo, os froitos). A imitación da parella representada en pleno labor, buscamos promover a recolección duns particulares froitos; aqueles derivados do cultivo das letras e a colleita do estudo.

Un ano máis, comprácenos convidarvos a participar nesta reunión que espera ser un lugar de encontro para o panorama investigador da Idade Media, onde a mocidade medievalista se sume a esta tradición frutífera. Con esta novena edición do Congreso Internacional “O Camiño do Medievalista” pretendemos configurar un espazo interdisciplinar onde conflúan diversas liñas de investigación, co fin de recoller e sementar coñecementos que procedan da achega de cada campo de estudo sobre o mundo medieval. Do mesmo xeito que nas edicións anteriores, pretendemos ofrecer un encontro aberto a todas as ramas dos Estudos Medievais que resumimos en sete vías non excluíntes, pois calquera outra temática será benvida:

1. Historia: poder, sociedade, economía e cultura.
2. Arte e iconografía.
3. Filoloxía, lingua e literatura.
4. Cultura escrita e arquivos.
5. Historiografía, Innovación e Humanidades dixitais.
6. Filosofía e pensamento.
7. Arqueoloxía.

Poderán presentarse **estudantes de doutoramento e doutores** que lesen a súa tese despois do 1 de xaneiro de 2022.

Propostas de comunicación:

Enviaranse completando a información requirida no seguinte formulario: <https://forms.gle/n2SQrsJuKD6HRuYg9>.

As propostas, que deben de ser orixinais (non presentadas ou publicadas previamente), terán que incluír un breve curriculum e un resumo de entre 250 e 500 palabras escrito nunha das linguas admitidas: castelán, galego, inglés, francés, portugués ou italiano.

Prazo de envío: Ata o 1 de decembro de 2025.

Comunicación das propostas admitidas: 23 de decembro de 2025.

Cada comunicación terá unha duración máxima de **15 minutos** e poderá ser impartida en calquera das linguas anteriormente citadas.

Outra modalidade de participación serán as mesas redondas. Neste caso esíxese o requisito mínimo de tres persoas e a presentación dun tema concreto, para o que terán un total de **45 minutos**, entre exposición e debate.

Publicación:

Os textos resultantes, sempre e cando superen o correspondente proceso de pares cegos, poderán ser obxecto dunha publicación en forma de libro electrónico como parte da colección editorial “El Camino del Medievalista”, baixo o selo editorial da Universidade de Santiago de Compostela.

O **prezo** fixado para os comunicantes será de 30€.

Visita a nosa páxina web: <https://elcaminodelmedievalista.wordpress.com/>.

Animámosvos a todos a enviarnos as vosas propostas.

Presidente do comité organizador:

- Israel Sanmartín Barros

Comité organizador:

- Celia Vila Fernández
- Carla Trincado Rodríguez
- Lúa Blanca Garea Garrido
- Guillermo Campo Yoldi
- Cristian David López Ushakov
- Alba Coello Fernández